

CIRCULAR 7/2016 (Modificada a 29/01/2016)

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS POR RELEVOS MIXTO **Ribadavia, 13 de febreiro 2016**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo a través da súa delegación en Ourense, coa colaboración do Club Deportivo Aurum e do Concello de Ribadavia, organizan o vindeiro Sábado día 13 de febreiro, o Campionato de Galicia de Campo a Través Benxamín, Alevín, Infantil, Cadete e Xuvenil por Relevos Mixto, a celebrar no circuito de campo a través da “Área Recreativa de A Veronza” en Ribadavia.

Art.2).- Para o Campionato, realizaranse as seguintes clasificacións: Xuvenil (1999 e 2000), Cadete (2001 e 2002), Infantil (2003 e 2004), Alevín (2005 e 2006) e Benxamín (2007 e 2008) por Relevos Mixtos.

Art.3).- Cada Club poderá inscribir un número ilimitado de equipos, e cada equipo estará formado por 2 atletas masculinos e 2 atletas femininas. A orde dos relevistas será: 1º Home – 2ª Muller – 3º Home e 4ª Muller. Poderán inscribirse atletas das citadas categorías que teñan licenza federada na tempada actual (2015/2016).

Art.4).- Realizarase una clasificación final por Equipos de acordo coa listaxe de chegada.

Art.5).- Horarios e distancias aproximadas de cada una das carreiras:

HORA	CATEGORIA	VOLTA	DISTANCIA
11:00	Benxamín	4 x 1 volta pequena (1.000m)	4.000 m. aprox.
11:25	Alevín	4 X 1 volta mediana (1.500m)	6.000 m. aprox.
12:00	Infantil	4 X 1 volta mediana (1.500m)	6.000 m. aprox.
12:35	Cadete	4 X 1 volta grande (2.000m)	8.000 m. aprox.
13:15	Xuvenil	4 X 1 volta grande (2.000m)	8.000 m. aprox.

Art.6).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da R.F.E.A. (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes 9 de febreiro ás 20:00 horas.

Art.7).- Os delegados oficiais dos Clubs, poderán retirar os seus dorsais, ata 45' antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do Club. Sobre as inscricións iniciais, cada Club poderá



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 -
Correo: secretariogeneralfga@gmail.com
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> e <http://www.carreirasgalegas.com>
- 15008 - A CORUÑA



realizar 2 cambios na composición dos equipos ata 40' antes do inicio da proba. Cada equipo recibirá 4 dorsais con mesmo número para cada un dos integrantes.

Art.8).- A orde de colocación dos equipos na saída establecerase por sorteo. Cada relevista cubrirá a volta programada para a súa categoría. O segundo, terceiro e cuarto relevista saíran cando o relevista anterior do seu equipo pase a liña de meta.

Art.9).- Todos os atletas deberán pasar por cámara de chamadas, a apertura será 25' antes da saída de cada proba e o peche 10' antes da saída de cada proba. Deberá pasar pola cámara de chamadas o equipo completo (os catro compoñentes).

Art.10).- Entregaranse medallas ós 4 compoñentes dos 3 primeiros equipos clasificados.

Art.11).- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, corresponderá ao seu Club.
Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o club/equipo, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3€ por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6€ por atleta con datos falsos).
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3€.

A organización será moi estrita co cumprimento da normativa de inscricións.

Art.13).- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, 22 de xaneiro do 2016
Asinado no orixinal